



# Trumpismo en Angrois

## Description

Donald Trump leva varias semanas humillando a Europa. Así o cren opinadores moi serios a un e outro extremo do espectro ideolóxico que dan por feito que o menos malo de todos os artefactos políticos construídos polo ser humano, a Unión Europea, está ferida de morte. Pero **mesmo febles, as institucións comunitarias aínda son quen de dar respostas a cidadáns europeos que non as atopan nos seus estados**, como teima en demostrar o caso do accidente de Angrois, unha de cuxas derivadas chega agora ao Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Un sinistro ao que os responsables políticos locais reaccionaron en 2013 con *trumpismo* varios anos antes de que a primeira presidencia do magnate inmobiliario acuñase o termo.

**Atacar ao feble, empregar fake news ou poñer en dúbida institucións que garanten os contrapesos de poderes** son algunhas das características que se asocian co *trumpismo*. E foron tamén algunhas das **estratexias empregadas polos gobernos central e galego de 2013** para culpar do accidente de Angrois ao maquinista. Eles e elas, por suposto, non falarán de *trumpismo* senón que preferirán o concepto *razón de Estado*: habá que salvar a imaxe da alta velocidade española porque, como dixo Feijóo catro días despois do accidente, habá *intereses económicos* polo medio.

Unha década despois a xustiza sentenciou que en Angrois fallaran moitas outras cousas ademais do maquinista. Pero moito antes diversas institucións comunitarias xa deran amparo ás vítimas que en España non lograran ser escoitadas.

**De Europa chegaron as críticas á investigación oficial** do ministerio por culpar só o maquinista. De Europa chegaron **dous procedementos de infraccións distintos** porque España non facía ben esas investigacións nin analizaba correctamente os riscos ferroviarios como o que existía en Angrois. De Europa chegaron **respostas negativas cando o Goberno de España pediu a Bruxelas que ocultase información** relevante sobre o caso. E de Europa chegaron **sucesivas peticións aínda non atendidas por gobernos nin do PP nin do PSOE** para que España faga unha nova investigación técnica do sucedido en Angrois para evitar que volva ocorrer.

Esa negativa española a unha investigación técnica de Angrois como esixe a normativa comunitaria é o que agora se analizará en Estrasburgo. **Pode que tampouco o Tribunal de Dereitos Humanos sexa quen de desfacer o bloqueio xurídico** provocado polo Goberno de Rajoy cando permitiu que os investigadores que non foran independentes para estudar o sucedido en Angrois si sexan independentes para negarse a facer un novo estudo. **Pero máis dunha década despois as sucesivas respostas** que veñen chegando desde Europa ao sucedido en Angrois **non amosan unhas institucións comunitarias fráxiles** senón ao contrario.

Así que haberá que seguir confiando en que a humillada e feble democracia europea e o seu contrapeso de poderes poida con Trump e co *trumpismo*, de alí ou de acá.

## APARTADO TEMÁTICO XEOGRÁFICOS

Europa

## ETIQUETAS

UE Angrois trumpismo

## INVESTIGACION

Unión Europea

### Date Created

Marzo 2, 2025

### Meta Fields

**Autoria :** 3743

**Subtítulo :** Artigo orixinalmente publicado en Praza, 19 de febreiro do 2025